



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



61

INSTRUCCION da Secretaría Xeral do 7 de outubro, sobre actuacións das Unidades de Xestión Académica no procedemento de rectificación das actas de exame.

A Resolución do Rectorado do 5 de xullo de 1993, pola que se aproban as normas sobre recepción, custodia e rectificacións das actas de exame, establece no seu parágrafo 6º, referente ó procedemento de rectificación das actas, que os Xefes das Unidades de Xestión Académica realizarán cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales o Rectorado debe dicta-las correspondentes resolucións.

ESTA SECRETARIA XERAL, ven de dicta-la seguinte INSTRUCCION:

1º.- Rectificación de mencións.

Nos expedientes que se promovan e se instrúan nas Unidades de Xestión Académica, cando se trata de rectificación da mención NON PRESENTADO, deberán consta-las declaracións tanto do alumno como do Profesor referentes á efectiva circunstancia da comparecencia ou incomparecencia do alumno ás probas de exame.

2º.- Rectificación de cualificacións.

No caso de que se presente un expediente de rectificación das cualificacións que figuran nas actas de exame, o profesor ou profesores da materia deberán facer constar no informe o erro cometido de acordo cos antecedentes que figuren no Departamento.



30.1. As declaracións a que fai referencia o punto 10 desta Instrucción faranse nos termos que se indican nos adxuntos ANEXOS.

2.- O informe do parágrafo 20 constará no documento a que se refire o número 60. 1. a) da Instrucción do Rectorado do 5 de xullo de 1993.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 1993.

O SECRETARIO XERAL,

Enrique Jiménez Gómez.

Enviado a:

Excmo. Sr. Vicerrector de Planificación e Programas

Excmo. Sr. Vicerrector de Organización Académica.

Sr. Xefe do Servicio de Alumnado.

Sres. Xefes das Unidades de Xestión Académica.



ANEXO 1

D....., Profesor asinante da acta da materia de.....declara baixo a súa enteira responsabilidade e a tódolos efectos legais, que o alumno D..... non se presentou* ó preceptivo chamamento do exame, nen estivo** presente á realización das probas de cualificación correspondentes á materia reflectida na Acta, na convocatoria dede 199..

* Se procede, no seu caso, poñase "se presentou".

** Se procede, poñase, no seu caso, "e sí estivo".



ANEXO 2

D.....alumno da materia de
..... declara baixo a súa enteira responsabilidade
e a tódolos efectos legais que non se presentou* ó preceptivo
chamamento de exame nen estivo** presente á realización das
probas de cualificación correspondente a materia..... na
convocatoriade 199....,

- * Se procede, no seu caso, pónase "ou se presentou"
- ++ Se procede, no seu caso, pónase "e sí estivo"